

## **BORRADOR DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DE 3 DE DECEMBRO DE 2009**

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a tres de decembro de dous mil nove, sendo as vinte horas e trinta minutos, ten lugar a sesión extraordinaria do Pleno municipal, presidida pola alcaldesa, D.<sup>a</sup> Alejandra Pérez Máquez, do grupo socialista, con asistencia dos/as señores/as concelleiros/as:

### **Grupo do Partido Socialista:**

D. José M. Francisco Mata Buyo  
D. Jesús Vázquez García  
D. Francisco Javier Santos Maseda  
D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Begoña Calviño Dorado  
D. Domingo Fuentes Rocha

### **Grupo municipal do Partido Popular:**

D. José Eduardo Zapata Roel  
D.<sup>a</sup> Silvia María Vázquez Cardelle  
D. José Luis Dans Medín

### **Grupo municipal Veciños de Bergondo:**

D. Francisco Manuel Fafián Torreiro  
D.<sup>a</sup> María del Loreto Caseiras Arroyo

### **Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego:**

D. Manuel Parga Fernández  
D. Antón Sánchez García

### **Así mesmo asisten:**

A interventora municipal: D.<sup>a</sup> Laura Gutiérrez Ortiz  
A secretaria xeral: M.<sup>a</sup> de las Mercedes Fernández González

## **ORDE DO DÍA**

### **ORZAMENTO MUNICIPAL ANO 2010. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.**

Dáse conta ós/ás asistentes a proposta de Alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

*“Formado o Orzamento municipal para o exercicio de 2010 pola señora alcaldesa deste concello, ó que se lle une a documentación que preceptúa o art. 168 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e*

Pleno extra: 03/12/2009

realizada a tramitación segundo o sinalado na lexislación vixente nesta materia (arts. 162 a 171 do citado texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e 18 a 20 do R.D. 500/1990 de 20 de abril) e visto o informe emitido pola Intervención en sentido favorable, propónse a adopción do seguinte acordo:

1. Aprobar inicialmente o orzamento desta Entidade para o exercicio de 2010, sendo a contía fixada, tanto en GASTOS como en INGRESOS, un total de CINCO MILLÓNS SETECENTOS VINTE MIL QUINIENTOS TRES CON OITENTA E SEIS EUROS, asignando a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:

<b>ESTADO DE GASTOS</b>		
<b>Capítulos</b>	<b>Denominación</b>	<b>Euros</b>
<b>A) Operacións Correntes</b>		
1	Gastos de persoal	2.031.087,57
2	Gastos en bens correntes e de servizos	2.337.714,16
3	Gastos financeiros	30.000,00
4	Transferencias correntes	199.900,00
<b>B) Operacións de Capital</b>		
6	Investimentos reais	1.059.802,13
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	22.000,00
9	Pasivos financeiros	40.000,00
<b>SUMA TOTAL GASTOS</b>		<b>5.720.503,86</b>
<b>ESTADO DE INGRESOS</b>		
<b>Capítulos</b>	<b>Denominación</b>	<b>Euros</b>
<b>A) Operacións Correntes</b>		
1	Impostos directos	2.068.000,00
2	Impostos indirectos	60.000,00
3	Taxas e outros ingresos	1.022.615,65
4	Transferencias correntes	1.740.347,04
5	Ingresos patrimoniais	100.336,50
<b>B) Operacións de Capital</b>		
6	Alleamento de investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	707.204,67
8	Activos financeiros	22.000,00
9	Pasivos financeiros	0,00
<b>SUMA TOTAL INGRESOS</b>		<b>5.720.503,86</b>

2. Aprobar, igualmente, as bases de execución do devandito orzamento.
3. Aproba-la plantilla de persoal funcionario e laboral segundo consta no expediente.
4. Que se expoña ó público polo prazo de quince días hábiles, para os efectos de reclamacións, conforme ó preceptuado no art. 169.1 da citada lei.
5. Que no suposto de non se presentaren reclamacións contra o mesmo, considerarase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no BOP, xunto coa plantilla de persoal, segundo dispoñen os artigos 127 do RDL 781/1986, de 18 de abril, e 169.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; noutro caso procederase de acordo co prevenido no número 1 deste último artigo.

6. *Que de conformidade co número 4 do mesmo precepto legal, remítase copia do referido Orzamento á Administración do Estado, e á da Comunidade Autónoma.*

*O Pleno decidirá o que estime máis conveniente.*

*Bergondo, 20 de novembro de 2009=A alcaldesa=Asdo.: Alejandra Pérez Máquez “*

A continuación toma a palabra a Sra. alcaldesa e manifesta: reiterar o que xa se indicou na sesión da Comisión Informativa; este presuposto baixa nos ingresos respecto ó ano pasado, que eran seis millóns catrocentos mil, mais ou menos, e a razón principal é que este ano non se contemplan catrocentos noventa mil euros de contribucións especiais que si ían o ano anterior e douscentos mil euros que aínda estaba aportando a entidade Aquagest e que eran froito da concesión da auga, do prego que se aprobara no seu momento, co cal pódese dicir que esta cantidade é realmente o orzamento do Concello de Bergondo.

Outra diminución importante é a estimación do ICIO, por esa posible aprobación do Plan Xeral.

Destacar, por outro lado, que estamos pagando cento setenta mil euros dos gastos das depuradoras, que nos están repercutindo ós veciños, e, como xa informamos no seu momento, en espera da nova Lei de augas que propoña a Xunta de Galicia, para saber se efectivamente a Xunta se fai cargo das depuradoras ou non, senón teremos que repercutirlos ós cidadáns, porque é un custo que non pode estar aguantando o concello.

No cadro de investimentos, este dezaioito por cento pode parecer pouco, pero o destacable é que a pesar da diminución de ingresos, este concello ten un dezaioito por cento de investimento, sobre todo, se facemos fincapé en que o FEIL se vai destinar integramente á inversión, a pesar de que neste novo fondo estatal se prevé a posibilidade de que, no noso caso, mais de cento corenta mil euros podían ir destinados a sufragar gasto social. Pois nós eses setecentos vinte e dous mil euros, podemos aportalos integramente á investimento, co cal se puideramos telos contabilizados estaríamos falando dun vinteseite por cento de inversión, que será a que acometa o ano que ven como mínimo este concello; digo como mínimo porque despois sempre hai proxectos que aparecen en subvencións que aparecen a maiores durante o ano. E mais, se puideramos contabilizar o FEIL, o gasto corrente que agora mesmo nos nosos números aparece como un corenta por cento, que é unha cantidade moi elevada, estaríamos falando de que sería xa un trinta e seis por cento.

Con respecto a este gasto corrente, este corenta por cento é unha cantidade elevada, pero moitas desas partidas son gastos que xa están comprometidos nos distintos contratos que temos, como pode ser o da gardería, os contratos das actividades culturais e deportivas, o servizo de axuda no fogar; e, ter en conta que deste dous millóns trescentos mil, que son o que corresponden a este corenta por cento, catrocentos dez mil euros son de programas de servizos sociais, aí incluímos os programas que se desenvolven na Concellería de Benestar Social; que setecentos setenta e cinco mil euros son da concesión administrativa da auga, que realmente non son ingresos nin gastos, son un reflexo contable; que trescentos cincuenta e mil euros, aproximadamente, son esas actividades culturais e deportivas.

Destacar que non era soamente o Fondo Estatal o que propoñía que se destinara parte dese fondo a gasto corrente, tamén o cincuenta por cento do POS tamén o permitía, e este concello decidiu apostar porque fose todo a investimentos, co cal douscentos trinta e nove mil euros que o estado permitía que fosen para financiamento do gasto corrente, pois este concello se está dedicando para investimentos.

En canto ó Cadro de Persoal, destacar que como estamos actualmente nun trinta e cinco por cento, aínda que hai necesidade no concello, como podería ser a contratación dun técnico de Medio Ambiente permanente e non supeditado a subvención como agora, que está supeditado a programas de Cooperación da Xunta de Galicia; algunha praza mais de policía local para completar a plantilla; consideramos que debemos mantela así, e, seguemos mantendo o programa de medias xornadas para familias con poucos recursos, que resultou bastante eficaz neste senso.

A continuación toma a palabra o Sr. voceiro do PP, José Eduardo Zapata Roel e di: por parte do Partido Popular, ratificarnos no dito na Comisión Informativa e dicir que os orzamentos son mellorables; son moi similares ós do ano 2009, exceptuando as dúas partidas citadas, que se minoran do vintenove ó dezaoto. É se son tan similares ós do ano 2009, pensamos que non son bos, cando se aprobou un suplemento de crédito de un millón catrocentos mil, e en novembro outro de seiscentos mil, e tendo en conta que o Goberno central, Xunta e Deputación estannos dando os mesmos ingresos que en anos anteriores, cremos que dependemos de nós mesmos para mellorar a nosa fonte de ingresos; dun lado é necesario optimizar os recursos que da lugar á partida de gastos correntes é a de persoal e que se reduza, e por outro lado actuar nos Capítulos un, dous e tres, que son os impostos directos e indirectos e taxas; recordamos que xa en anos anteriores dixemos que hai que mellorar o tratamento do IBI, tanto rústico como urbano, e que é fundamental, é a única fonte de ingresos que podemos controlar, e a Lei do catastro dinos que están ó cincuenta por cento do valor de mercado as valoracións catastrais, e aquí queda moi lonxe diso; sobre todo actuar nos núcleos rurais que o seu tipo de contribución é rústica, e pagan practicamente nada e son terreos que nos custa moito diñeiro dotar de servizos, e que non repercuten nas arcas municipais.

Tamén dicir que cremos é necesario crear unha ordenanza para o catastro, así o di a lei, para ter as relacións co Catastro para as modificacións que nós queramos comunicarlle, as comunicacións están reguladas por ordenanza, e seguimos pedindo as ordenanzas que regulen a relación do administrado con esta Administración.

A capacidade inversora do municipio cremos que pasa por unha boa xestión, dos impostos e taxas, e non estamos a falar dun aumento da presión fiscal, senón que cada un pague polo que realmente ten e disfruta.

Cremos que nestes orzamentos non se reflicten actuacións demandadas pola poboación, como son novas prazas de gardería e adecuación destas ás necesidades, como son o comedor e a adecuación dos horarios, tampouco reflicten ningunha partida para instalacións deportivas, para un centro de día, ampliación de cemiterios, seguridade vial; xa que falamos de seguridade vial, temos pendente obras, que son imprescindibles facelas, como é o da N-VI o a de Cortiñán, na ponte baixo a vía do tren, en Lubre o cruce do río Maior, a estrada de Sampaio que polo tema dunhas expropiacións a temos pendente de execución dende fai anos.

Xa que falamos de expropiacións, esperamos que neste ano se fagan as da realización da depuradora de Gandarío, para que sexa unha realidade.

Finalizamos co mesmo que dixemos en sucesivos exercicios, os presupostos son mellorables pero entendemos que debe gobernar a lista mais votada, que é o partido socialista, e por iso o noso voto vai se abstención.

Sra. alcaldesa: só un par de consideracións, si estamos de acordo en que hai que optimizar tanto os gastos correntes como os de persoal, diso se trata, e non estou tampouco en desacordo

con vostede cando hai que actualizar o catastro, sobre todo nalgunhas zonas, xa o comentei na Comisión Informativa, que é unha queixa que se lle fai á Deputación habitualmente, sen que iso quere dicir que non se lle faga tamén ó catastro directamente, é unha queixa de varios concellos.

Sr. voceiro do PP: a Deputación non é competente.

Sra. alcaldesa: si o é en certos aspectos.

Sr. voceiro do PP: é o Centro de Xestión Catastral o competente para actualizar os censos.

Sra. alcaldesa: en canto ás novas prazas de gardería, comedor, cemiterios..., pois precisamente estas cousas son as que se deberan optimizar nun Plan Xeral, sen solo non podemos á disposición doutras Administracións para que fagan centros de día, garderías, ou ampliar a existente pasando os nenos que actualmente hai de educación infantil a outro centro.

No tema de seguridade vial, recórdolle que as actuacións xa se están levando a cabo; son actuacións doutras Administracións, o tema da N-VI xa está licitado o proxecto, as expropiacións de Gandarío, xa se comentou aquí, xa está todo en mans da Consellería e o que estamos esperando é que se nos informe e diga cando empezamos; por parte do concello xa se lles mandou o traballo previo que se fixo, e agora teñen que poñerse en contacto con nós a través da oficina técnica que tiñan que ter xa contratada, co cal si contamos que estea no ano 2010, hai unha partida de cen mil euros no noso Orzamento para esas expropiacións, que é o cálculo estimativo que facemos.

Sr. voceiro do PP: pero estará comigo en que dende o ano 2007 ata hoxe, houbo tempo a facelas.

Sra. alcaldesa: si, pero como xa se contestou aquí en varios Plenos, había unha contradición, porque no proxecto non se incluían a relación de afectados, que debería ir para maior seguridade xurídica.

Seguidamente toma a palabra o Sr. voceiro de Veciños de Bergondo, Francisco Manuel Fafián Torreiro e di: en relación ós gastos que nos presenta para o ano 2010, xa lle dixen na Comisión Informativa que non son moi acertados, ó noso entender, sobre todo cando temos o corenta por cento de gasto corrente e o trinta e seis en gastos de persoal; tamén é certo que dese corenta por cento, un millón de euros e para o gasto en auga e luz e o resto son, como vostede definiu, para as partidas do gasto social para as atencións diarias. Nós imos absternos nestes orzamentos porque entendemos que co que esta caendo debemos arrimar todos o ombro, pero tamén é certo que debería haber un compromiso claro en revisar estes presupostos para ver onde podemos aforrar; falamos de revisar as partidas de auga, luz e teléfono para intentar minimizalos.

Por outro lado, non estou nada de acordo en que, cos problemas sociais que temos neste concello, bastante xente no paro, empecemos a pensar sen ter aprobado o PXOM,. nunha revisión catastral ou calquera revisión sobre impostos, me parece que é o momento de que as Administracións fagan o esforzo para ver en que partidas deben de aforrar. Tamén no tema do persoal aínda que si é certo que fai falta xente, debemos optimizar o persoal que temos. o trinta e seis por cento de gasto en persoal xa empeza a ser un pouco alarmante, entón, si que pode haber algunhas prazas que estean limitadas pero seguramente podemos optimizar as que temos para intentar non seguir incrementando o gasto de persoal, de seguir aumentando esta cifra as inversións cada ver serían menores.

Sra. alcaldesa: no tema da auga, o concello o que ten é o mínimo dunha instalación municipal, eses setecentos setenta e cinco mil euros son unha partida ficticia, por dicilo dalgunha maneira, porque é como se entraran e saíran, nin sequera é ese o tratamento contable que reciben, polo que non hai unha diminución no tema de auga.

Respecto ó aforro de luz, lle podo dicir que estes días chegou o resultado da auditoría que fixo a Deputación, que aprobou no último Pleno ordinario que tiveron a semana pasada, o Programa de Aforro Enerxético, e este concello aforraría un corenta por cento na iluminación das dependencias municipais nas que se fixo o estudo; fáísenos unha valoración da inversión que supón por parte da Deputación, neste caso de corenta mil euros; trátase basicamente da substitución de lámpadas, na casa consistorial, nos centros de saúde, nos pavillóns, etc., non estamos falando da iluminación exterior, onde aí o concello xa está a facer o esforzo de que cada vez que se fai un alumbeado novo, ou se cambia algún, xa se poñen os redutores de fluxo e, todo o necesario para aforrar no futuro, aínda que en principio sexa unha inversión.

En canto ó que vostede di sobre que isto pode ir a mais, eu confío que, ou ben aprobado o PXOM, ou outro, os ingresos do concello van incrementarse, isto será un ou dous anos que, como pasa en todos os concellos que está en tramitación un plan urbanístico se paraliza a actividade pero é como facer unha inversión, se paraliza para despois obter os recursos correspondentes, co cal, nese senso imos ser un pouco optimistas; como vostede di, coa que esta caendo, en comparación cos concellos do noso arredor somos bastante precavidos e previsores, de feito, seremos un dos poucos concellos que non esta metendo tanto no POS como no FEIL gasto corrente.

A continuación toma a palabra o Sr. voceiro do BNG, Manuel Parga Fernández e di: vou insistir en dou ou tres puntos, xa que os compañeiros falan en xeral; quero recalcar que no anexo de investimentos, non veñen recollidas obras que foron aprobadas polo Pleno, por outra parte, a alcaldesa recalca moito a achega do Estado para o ano 2010, iso como todo o mundo entende é unha achega extraordinaria polo que non entra no Orzamento, e probablemente non teña continuidade en anos posteriores, co que non ven a conto para xustificar que se teñan menos investimentos. Por outro lado a alcaldesa afirma que se acordou dedicalo todo a investimentos, e que eu saiba ese Plan non foi presentado ó Pleno, polo que pregaríalle prudencia, xa que non están aprobadas as obras que se van incluír.

Por outra parte, tamén, no último suplemento de crédito que houbo a finas do mes pasado, a alcaldesa xustificaba en parte o incremento do gasto en que as reparacións do alumbrado, e, sobre todo, as reparacións de maquinaria, tiveran un custo moi elevado, e supoño que esta ano non haberá necesidade destas reparacións polo que non debería aumentar tanto o gasto corrente.

Nós imos votar en contra; parécenos unha perda de tempo xa que despois se modifican durante todo o ano, e de seis millóns e pico pasamos a dez millóns, non ten moito senso.

Sra. alcaldesa: como explicou a interventora no seu momento, pasase de seis millóns e pico a dez millóns e pico porque veñen recursos durante o ano, e non se poden ter previstos agora, igual que non se pode ter previsto o FEIL porque así o estima, pero vostede mesmo me dí que non o debemos ter en conta; non, non o temos en conta porque é unha das características do Fondo, estamos tendo en conta o POS da Deputación e o PCC e mais son gastos que están aí, son investimentos feitos por outras Administracións, e, en cambio, si se permiten que estean contempladas no Orzamento. O FEIL, polas características que ten, pois non se permite, pero

como a estas alturas o coñecemos, se podemos facer unha previsión. Como vostede di, aínda non se aprobaron os proxectos, pero esa é a idea do grupo de goberno e xa se manifestou noutros momentos, e non o estamos poñendo para o financiamento de gasto corrente.

En canto ó capítulo de investimentos, vostede di que non se inclúen certos proxectos xa aprobados, recórdolle que a aprobación de proxectos lle compete ó Pleno, é dicir, que aínda que non vaia no Capítulo de investimos, eses proxectos si veñen despois para a súa aprobación.

Por outro lado, o voto en contra significa que vostedes non queren que se fagan parte das inversións que están indicadas aquí, é estraño que vostedes o outro día aproben as dúas prazas que se presentaron no POS, e sen embargo agora non estean aprobando os recursos que fan que iso se poida levar a cabo.

Sr. voceiro do BNG: iso é unha interpretación moi persoal da Sra. alcaldesa, un punto non cualifica o presuposto. Aparte diso, eu quero dicir tamén, xa que saíu a expropiación de Gandarío, o Plan Xeral prevé que os terreos da depuradora sexan por cesión, por tanto non hai que expropiar.

Sra. alcaldesa: actualmente, que é o que estamos a debater, o proxecto define que hai que expropiar os terreos se queremos ter a depuradora e os colectores, xa.

Sr. voceiro do BNG: o Plan di o contrario.

Sra. alcaldesa: do Plan non estamos falando.

Seguidamente procedese á votación da proposta da Alcaldía, que tivo o seguinte resultado:

Grupo municipal Socialista: seis (6) votos a favor; Grupo municipal do Partido Popular: tres (3) abstencións; Grupo municipal Veciños de Bergondo: dúas (2) abstencións; Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: dous (2) votos en contra.

**Total: seis (6) votos a favor, cinco (5) abstencións e dous (2) en contra.**

En consecuencia, a Sra. alcaldesa declara aprobada por maioría de votos a favor, a proposta antes transcrita.

E non existindo máis asuntos que tratar, ás vinte horas, remátase a sesión, de orde da alcaldesa, redactándose a presente acta da que eu, a secretaria xeral, dou fe.

A secretaria

V. e Pr.:  
A alcaldesa

M.<sup>a</sup> de las Mercedes Fernández González

Alejandra Pérez Máquez